

## RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Núm. Expediente: 36/00004/2023

Examinada a solicitude achegada o 23/05/23, por don/a ELENA ESPINOSA MANGANA, en nome e representación da entidade CONCELLO DE VIGO (CIF núm. P3605700H) coa finalidade de obter unha subvención para a realización do proxecto do Programa de emprego denominado "FORMAWEB V" para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), emítense esta resolución tendo en conta os seguintes

### FEITOS

Primeiro.

Con data do 23/05/23, e dentro do prazo establecido para este efecto, don/a. ELENA ESPINOSA MANGANA, en nome e representación da entidade CONCELLO DE VIGO achega unha solicitude de subvención para a realización do proxecto de programa de emprego denominado FORMAWEB V, para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil. Xunto coa devandita solicitude, achégase a documentación esixida para os proxectos de Programas de emprego pola Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (*DOG nº 78, do 24 de abril de 2023*).

Segundo.

Esta axuda enmárcase dentro da iniciativa de emprego xuvenil e o Programa Operativo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027, Obxectivo político 4, Prioridade 5, Obxectivo específico ESO4.1, Medida 5.a.03 cofinanciado nunha porcentaxe do 60%.



Terceiro.

O día 06/07/23 tivo lugar a sesión da Comisión Central de Valoración que avalía as solicitudes de subvencións para a posta en funcionamento de proxectos de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, segundo o establecido no artigo 23 de dita orde.

Cuarto.

Con data do 31/07/23, o Servizo de Formación para o Emprego e Orientación da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Vigo, emitiu a correspondente proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 26 da referida orde.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.

A competencia para ditar a presente resolución vén dada polo disposto no artigo 26 en relación coa disposición adicional segunda da Orde do 12 de abril de 2023 xa referida.

Segundo.

Na tramitación do procedemento seguíronse as prescricións establecidas pola normativa que a continuación se relaciona:

- Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se deroga o Regulamento (UE) n. 1296/2013.

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados.

- As normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2021-2027.



- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm 121, do 25 de xuño de 2007) .
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro de 2009).
- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Orde do 12 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (*DOG nº 78, do 24 de abril de 2023*)

Terceiro.

A entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos na citada Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 12 de abril 2023.

Cuarto.

Tendo en consideración os criterios de valoración previstos no artigo 24 da referida orde, a documentación que integra o expediente, a tipoloxía e características do proxecto examinado así como a puntuación e o contido do informe técnico emitido pola persoa titular da xefatura territorial, xunto coas dispoñibilidades orzamentarias e a súa distribución territorial, outorgouse ao proxecto examinado unha puntuación de 40 puntos, polo que a Comisión Central de Valoración informou favorablemente a concesión á devandita entidade dunha subvención polo importe global de 424.836,96 € euros coa referida finalidade, para 16 alumnos/as-traballadores/as, e cunha duración de 12 meses.



Á vista do anterior, o Servizo de Formación para o Emprego e Orientación desta xefatura territorial emitiu a proposta de resolución favorable á concesión da referida subvención.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, este/a xefe/a territorial,

RESOLVE:

Primeiro.- Outorgar unha subvención á/ao **CONCELLO DE VIGO**, polo importe global de 424.836,96 € **euros**, con cargo ao orzamento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriba co alumnado, para a realización do proxecto do **programa de emprego** denominado "FORMAWEB V" para as persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, para 16 alumnos/as traballadores/as, distribuídos nas seguintes especialidades formativas, segundo o detalle que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.- Autorizar como obxectos de actuación para a súa execución no desenvolvemento do proxecto:

- A entidade pretende levar a cabo dúas especialidades. Por unha banda o desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web co obxectivo de recollida de datos para os servizos de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado do Concello de Vigo e a mellora da plataforma existente en dito servizo ou a creación dunha nova plataforma.

Por outra banda e mediante a formación en Seguridade Informática se pretende a mellora da protección de servidores e equipos de usuario final segundo as necesidades de uso e condicións de seguridade.

Terceiro.- Esta resolución non exime á entidade beneficiaria desta subvención de obter as autorizacións administrativas que resulten necesarias para a execución das obras obxecto de actuación.

Cuarto.- Declarar que o importe da subvención ten o carácter de estimado, e as cantidades efectivas a aboar na fase do proxecto, estará en función da contía do salario mínimo interprofesional e das cotas patronais á Seguridade Social, vixentes cada ano, así como do número de alumnos/as-traballadores/as que participan no proxecto.



Quinto.- O aboamento das cantidades a subvencionar nos seguintes exercicios orzamentarios queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia nos respectivos exercicios.

Sexto.- Notifíquese este acto ao/á solicitante, informándolle que:

a) Os custos de formación profesional para o emprego e os salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriba con alumnado poderán ser cofinanciados pola Unión Europea, **mediante o Programa Operativo FSE+ Galicia 2021-2027, Obxectivo político 4, Prioridade 5, Obxectivo específico ESO4.1 Medida 5.A.03**, nunha porcentaxe do 60%.

b) Deberá cumprir coas seguintes obrigas establecidas pola lexislación vixente:

- Realizar as actividades para as que se concede a subvención, de conformidade coas disposicións previstas na orde de convocatoria desta subvención e nas resolucións, instrucións ou circulares que a desenvolvan.
- Acondicionar e dotar as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade e saúde laboral que permitan o normal desenvolvemento das actividades formativas desde o inicio do proxecto.
- Formar ás persoas participantes nos aspectos teóricos e prácticos das actividades profesionais contidas no plan formativo e contratar ao alumnado participante, na modalidade contractual e pola duración prevista no artigo 4 da orde referida, e formalos nos aspectos teóricos e prácticos das actividades profesionais ou oficios obxecto do programa.
- Acreditar ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da axuda ou subvención, achegando a documentación que lles sexa requirida co fin de comprobar o cumprimento das obrigas que derivan da dita concesión.
- Satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, especialmente as de carácter salarial, con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade; ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguemento do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, nos termos establecidos no Regulamento (UE)2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación



do Tribunal de Contas e do Consello de Contas; ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lles sexa requerida no exercicio das actuacións anteriores.

- Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.
- Conservar todos os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciba axuda do FSE+ durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pagamento ao beneficiario, nos termos establecidos no artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021.
- Comunicar á Consellería Promoción do Emprego e Igualdade a obtención doutras subvencións ou axudas para o mesmo proxecto ou finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional, no momento de presentar a solicitude así como con ocasión da xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do derradeiro pagamento.
- Procurar a inserción laboral posterior das persoas desempregadas participantes nos proxectos.
- Respetar as normas de subvencionabilidade do gasto financiado polo FSE plus, establecidas no Regulamento (UE) núm. 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados; e no Regulamento (UE) núm. 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) núm. 1296/2013, e as normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2021-2027.
- Aceptar a súa aparición na lista de operacións que se publicará nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño 2021.
- Comunicar a todas as persoas que participan no proxecto que os custos derivados da súa realización son cofinanciados polo FSE+ 2021-2027, nun 60%.



- Cumprir con cantas obrigas deriven da normativa de aplicación do cofinanciamento polo FSE+ e a iniciativa de emprego xuvenil, de conformidade co establecido no apartado seguinte.
- Remitir á xefatura territorial correspondente da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade copia dos certificados de aproveitamento, nos que conste o número de horas da formación recibida e a cualificación final, entregados ao alumnado participante no proxecto.
- Garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no deseño e desenvolvemento do proxecto
- Procurar, na execución do programa, un uso non sexista da linguaxe e velar por transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.
- Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento da prestación que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de realización e de resultados previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2021/1057. A estes efectos, facilitarase ás entidades beneficiarias o acceso á unha aplicación informática específica e os correspondentes cuestionarios.
- Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021, para o cal se contará con unha guía de publicidade elaborada pola Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser impugnada perante o órgano xurisdiccional competente da orde contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con anterioridade á interposición do devandito recurso contencioso-administrativo, poderá interpor potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou este acto administrativo de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Todo o anterior é sen prexuízo de que poida facer uso do requirimento previo ao que alude o artigo 44 da dita Lei 29/1998 ou de interpoñer aqueles outros recursos que estime oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses.

Vigo a data da sinatura

O/A Xefe/a Territorial

(PA art. 62.3 do Decreto 123/2022)

A Xefa do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica



## ANEXO Á RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Núm. de expediente1: 36/00004/2023

Denominación do programa de emprego: FORMAWEB V

Entidade promotora: CONCELLO DE VIGO

Aplicación orzamentaria: 11.50.5.322A.4602 PROXECTO 2023 00111

1.- Subvención concedida: 424.836,96 € euros.

## 1.1.-Subvención por anualidades:

Anualidade	Importe
2023	212.418,48 €
2024	212.418,48 €

## 1.2.- Subvención para gastos de formación e funcionamento:

Datos previstas		Núm. alumnos/as- traballadores	Núm. horas	Importe módulo A	Importe módulo B	Total
Inicio	Remate					
01/09/2023	31/08/2024	16	1920	120.115,20 €	33.792,00 €	153.907,20 €

## 1.3.- Subvención para gastos salariais de alumnos/as-traballadores/as participantes:

Núm.contratos	Total subvención
16	270.929,76 €

## 2.- Número de alumnos/as-traballadores/as especialidades:

Código	Especialidade	Núm. Alumnos/as- traballadores/as
IFCD0210 / IFCT0109	DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS. WEB. SEGURIDADE INFORMÁTICA	16

## 3.- Outras condicións:

Vigo a data da sinatura

O/A Xefe/a Territorial

(PA art. 62.3 do Decreto 123/2022)

A Xefa do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica

